

Edición xeral

Decisión do pleno da institución

A Real Academia Galega acorda a entrada de Margarita Ledo

A xornalista luguesa ocupará o asento do finado Miguel Anxo Araújo Iglesias.

Redacción - 11:00 30/03/2008

Nada en Castro de Rei, [Margarita Ledo Andión](#) acumula unha vizosa traxectoria no ámbito da comunicación, que inclúe a súa titulación nos anos 70 na Escola Oficial de Xornalismo de Barcelona. Dirixiu A Nosa Terra até o 1980, doutorouse e impartiu docencia na Universitat Autònoma de Barcelona e estivo no equipo que creou a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, institución da que foi decana na súa primeira etapa, entre os anos 1992 e 1996.

É autora de múltiples traballos ensaísticos, fotográficos e audiovisuais. Un dos máis recentes é [Liste, pronunciado Lister](#), documental sobre o home que liderou o chamado 'Batallón galego', o comandante en xefe do V Rexemento do Exército Republicano.

Margarita Ledo substitúe na [Real Academia Galega](#), como académica numeraria, ao finado Miguel Anxo Araújo, quen fora bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol e escritor e tradutor de numerosos textos relixiosos ao galego.